

A nosa asociación, hoxe denominada *Asociación Wagneriana da Galiza*, botou a andar hai xa mais de trinta anos nesta cidade da Coruña, cando un grupo de xóvenes herculinos, movidos polo amor e admirazón á música clásica e Ópera, en especial á magna obra de Richard Wagner e ao último Romantismo, crian a que se denominara inicialmente como Asociación Xuvenil Wagneriana. Actualmente mantén o mesmo número de Rexistro de asociacións culturais sen ánimo de lucro desde 1983.

Nese mesmo ano de 1980 nasce tamén o que vai ser o sei órgano de expresión, a revista *Nothung*, que chegaria a converter-se nun referente do wagnerismo español e portugués, cos seus 50 números publicados. A relación de contidos de dita publicación está dispoñíbel na nosa páxina, <http://www.awagnergal.blogspot.com/> e, a data actual, estamos a dixitalizar os seus contidos.

Logo de estar detida por uns anos as actividades do centro, retoma-se a finais de 2003 e comezos de 2004 cunha nova etapa para o wagnerismo galego. Os mozos dos anos oitenta son hoxe homes e mulleres do século

XXI, e tras unha adaptación estatutaria pertinente, a nosa entidade retoma a actual denominazón que posúe, así como o rexistro 2004/007425-1.

Cumpriria destacar desta nova etapa na Coruña e para historia da AWG, a iniciativa dos Festivais de Ópera e a OSG que desde 2001 a 2013 (*Die Walküre, Das Rheingold, Lohengrin, Siegfried, Ocaso dos deuses, Tristán e Isolda*) en diante, fomentan e interpretan de xeito singular a obra de Wagner: todo un avance para o nivel da cultura musical da nosa cidade, onde xa existía unha arraigada tradición operística de corte clasicista-belcantista e italiana desde finais do XIX.

Os fins da nosa asociación son: Fomento da cultura musical do romantismo alemán, da vida e obra de Richard Wagner e a música galega culta, así como da súa escola musical e intelectual: Siegfried Wagner, H. Wolf, R. Strauss, etc, e tamén os xeitos influenciados en Pascual Veiga, Gregório Baudot ou E. Rodríguez Losada, entre outros.

Actividades. Concertos musicais (actualmente “Concertos de cámara da AWG”, anuais); charlas; edición de publicacións propias; excursións

culturais; cursos de iniciación á cultura musical, audicións e vídeos (Videoteca/Biblioteca de iniciación); viaxes de coñecemento da vida e obra wagneriana e autores da súa escola; exposicións, etc.

Traballo en proceso. Nestes momentos está-se a traballar nunha obra escrita que procurará ser o compendio da relación do wagnerismo con esta cidade coruñesa desde o ano oitenta até a actualidade.

No noso blogue está dispoñíbel a revista en PDF, *CRÓNICAS WAGNERIANAS-NOTHUNG*, onde desenvolvemos a crítica musical wagneriana representada no mundo internacional, e con incidencia no noso país, alén de ir dixitalizando os contidos da referente revista *Nothung*.

Para mais información dirixir-se a:
awgaliza@gmail.com

ASOCIACIÓN WAGNERIANA DA GALIZA
www.awagnergal.blogspot.com/

IIº CONCERTO DE CÁMARA DA ASOCIAZÓN WAGNERIANA DA GALIZA.

Das Rheingold WWV 86A (1852-1854)
Versión sincrética do prólogo da Tetraloxia desde transcrições de Mottl, Kleinmichel, Liszt, Klindworth, Marosnagylvolgy e Recas.

Piano: Ángel Recas.

8 Novembro, sábado, 2014. Museu de Belas Artes da Coruña

Hora: 18'00 h (durazón: aprox. duas horas). Colaboran: Museu de Belas Artes da Coruña e Asociación Wagneriana de la Sierra de Guadarrama.

PROGRAMA

Introdución ao Ouro do Rhin (con imaxes en power-point), por José Hernández (AWSG) (20').

- I Vorspiel - Preludio. (transcripción de Felix Mottl) (5').
- II (da Escena I): "Weia! Waga! Woge, du Welle!" (Mottl/Kleinmichel/Recas) (5'30").
- III (da Escena I): "Lugt, Schwestern!" (Mottl/ Marosnagylvolgy) (8').
- IV (da Escena I): "Der Welt Erbe gewänn..." (Kleinmichel/Recas) (2'30").

- V (da Escena I): Verwandlungsmusik (Mottl) (3').
- VI (da Escena II): El Walhalla S449 (Liszt) (8').
- VII (da Escena IV): "Schwüles Gedünst schwerbt in der Luft!" (Mottl/Recas) (5').
- VIII (da Escena IV): "Abendlich strahlt der Sonne Auge" (Klindworth/Recas) (5'30").
- IX (da Escena IV): "Rheingold! Rheingold! Reines Gold!" (Mottl/Recas) (4').

Unha asociación cultural de tradición coruñesa: faga-se sócio/a!!

C/C: 0049 0007 25 2412116166 / IBAN: ES63 / BIC: BSCH ESMM
www.awagnergal.blogspot.com/




Está interesado en coñecer a nosa revista (PDF) CRÓNICAS WAGNERIANAS?

Só escriba a awgaliza@gmail.com e enviamos-lla !!

RICHARD WAGNER
(1813-1883)

**QUE É A
ASOCIAZÓN
WAGNERIANA DA
GALIZA?**



Rexistro de asociacións culturais: 2004/007425-1